

## AXENDA

# PROGRAMA DE FORMACIÓN CONTINUA PARA A EXCELENCIA CIENTÍFICA

XOVES  
18/04  
12.00 H



### SESIÓN 1:

#### “EXCELENCIA EN INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E VALOR SOCIAL DA TESE DOUTORAL”

Ana Oliveira Blanco, Premio Extraordinario de Doutoramento 2024 da USC, será a encargada de abrir este programa formativo que poñemos en marcha co obxectivo de facilitar e achegar claves, experiencias en primeira persoa e coñecementos específicos que contribúan ao desenvolvemento dunha carreira investigadora excelente.

- Data: Xoves, 18 de abril 2024
- Horario: 12:00 h (CET)
- Presencial: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC
- Online: ECOBAS Academy vía TEAMS

VENRES  
19/04  
12:00 H



### SESIÓN 2:

#### “ESTRATEGIAS PARA FOMENTAR A CALIDADE DAS PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS”

Antonio Álvarez Pinilla, catedrático de Análise Económica da Universidad de Oviedo e director do Grupo de Investigación en eficiencia e produtividade da mesma institución, será o encargado da segunda sesión do programa, centrada na calidade das publicacións científicas.

- Data: Venres, 19 de abril 2024
- Horario: 12:00 h (CET)
- Presencial: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC
- Online: ECOBAS Academy vía TEAMS

AXENDA



PROGRAMA DE FORMACIÓN CONTINUA  
PARA A EXCELENCIA CIENTÍFICA



**SESIÓN 3:**

**“A CULTURA OPEN ACCESS: O VALOR SOCIAL DA INVESTIGACIÓN”**

A Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación da Universidade de Vigo e membro do Consello Reitor de ECOBAS, M<sup>a</sup> Belén Rubio Armesto, impartirá a terceira sesión do programa para abordar o enfoque Open Access da investigación científica, ferramenta estratéxica para extender a actuación responsable e sostible do traballo investigador que desenvolvemos nas universidades.



- Data: Xoves, 25 de abril 2024
- Horario: 12:00 h (CET)
- Presencial: Facultade de CC. Económicas e Empresarias da UVigo
- Online: ECOBAS Academy vía TEAMS



**SESIÓN 4:**

**“GENERATIVE ARTIFICIAL INTELLIGENCES BASED ON LARGE LANGUAGE MODELS IN SCIENTIFIC RESEARCH: WHAT IS OUTSIDE THERE AND POTENTIAL USES”**

Amosar de que forma o uso da IA pode mellorar o proceso de investigación é o obxectivo desta cuarta sesión do programa, que será impartida polo investigador permanente de ECOBAS e coordinador do Programa Interuniversitario de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial, Miguel González Loureiro.



- Data: Venres, 26 de abril 2024
- Horario: 12:00 h (CET)
- Presencial: Facultade de CC. Económicas e Empresarias da UVigo
- Online: ECOBAS Academy vía TEAMS

# AXENDA



## >>> 2024 PRICIT DOCTORAL WORKSHOP



11 e 12  
DE ABRIL

A vindeira semana ECOBAS retransmitirá en directo as conferencias centrais do **IV PRICIT Doctoral Workshop**, que se celebra presencialmente na Facultade de CC. Empresariais e Turismo de Ourense os días 11 e 12 de abril.

Grazas á colaboración do **Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial** e ECOBAS coa UAM, a UVIGO e ASEPUC, o alumnado terá acceso para asistencia ONLINE ás dúas sesións principais deste evento.

### ECOBAS ACADEMY: CONFERENCIAS EN STREAMING



- Lucia Bellora-Bienengräber, Associate Professor of Management Accounting and Control, University of Groningen, pronunciará a conferencia sobre “Management accounting” o xoves día 11 ás 16:30 h.
- Beatriz García Osma, Catedrática de Contabilidade, Universidad Carlos III de Madrid, falará sobre “Boas prácticas en investigación” o venres día 12 ás 10:30 h.




## ITINERARIO DE INNOVACIÓN PARA A TRANSFERENCIA ECOBAS



Xa podes formalizar inscrición para a terceira e última sesión do noso itinerario de Innovación para a Transferencia. Será o martes 30 de abril en Vigo:

MARTES  
30/04  
12.00 h

- Horario: de **12:00 h a 14:30 h (CET)**
- Destinatarios: persoal investigador de ECOBAS
- Formato: **híbrido** (presencial/online) **síncrono**
- Lugar: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da UVIGO (Campus Universitario As Lagoas Marcosende)
- [Preme aquí para formalizar a túa inscrición](#)



## PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



### >>> NOVAS PUBLICACIÓNS

Gómez Suárez, M.A. (2024)

[Global Dynamics and Optimal Policy in the Ak Model with Anticipated Future Consumption](#)

The B.E. Journal of Theoretical Economics

Martín-Legendre, J.I.; Castellanos-García, P.; Sánchez-Santos, J.M. (2024)

[The Dynamics of Inequality and Mobility: A Panel Data Analysis of the Spanish Income Tax](#)

Social Science Quarterly

Rodríguez-Gulías, M.J.; Fernández-López, S.; Rodeiro-Pazos, D. (2024)

[Foreign knowledge sources and innovation: Differences across large and small and medium-size multinational enterprises \(MNEs\)](#)

International Review of Economics and Finance

Álvarez-Espiño, M.; Fernández-López, S.; Rey-Ares, L. (2024)

[Job expectations and financial fragility: evidence from pre-COVID Spain](#)

Empirical Economics

López-Penabaz, M.C.; Maside-Sanfiz, J.M.; Iglesias-Casal, A.; Torrelles Manent, J. (2024)

[Medición del impacto y rendición de cuentas en las empresas sociales: integración información financiera y no financeira](#)

Revista de Gestão e Secretariado

Fernández-López, S.; Castro-González, S.; Rey-Ares, L.; Rodeiro-Pazos, D. (2024)

[Self-control and debt decisions relationship: evidence for different credit options](#)

Current Psychology

Carballo-Penela, A.; Ruzo-Sanmartín, E.; Bande, B. (2024)

[The influence of individual and contextual factors on proactivity and proficiency: the roles of meaningfulness of work and competitive intensity](#)

Baltic Journal of Management

Fernández-González, R.; Pérez-Vas, R.; Pérez-Pérez, M.; Pereira, Z.G.T.; Puime-Guillén, F.; Casas, R.M.R. (2024)

[Resilience and adaptation: Galician canning fish industry evolution](#)

Marine Policy

## ACTUALIDADE ECOBAS



### >>> NOVAS PUBLICACIÓNS

Pérez-Vas, R.; Hervés-Estévez, J.; Garza-Gil, M.D.; Fernández-González, R. (2024)

[Valuation of an innovative investment project using real options approach: A case study of a viticulture company in Spain](#)

Agricultural Economics

Palencia-Esteban, A.; del Río, C. (2024)

[Winners and losers from occupational segregation across Europe: the role of gender and migration status](#)

Migration Studies

### >>> NOMEAMENTOS



A directora científica de ECOBAS, María Loureiro, acaba de incorporarse ao consello editorial de Environmental and Resource Economics, a revista oficial da Asociación Europea de Economía Ambiental e dos Recursos (EAERE).

Esta publicación se ocupa fundamentalmente da aplicación da teoría e os métodos económicos ás cuestións e os problemas medioambientais. Os contidos se elixen pola súa relevancia para o proceso de formulación e aplicación de políticas públicas.



### >>> PROXECTO DE DECRETO PARA REGULAR O SISTEMA VOLUNTARIO DE CRÉDITOS DE CARBONO



Mañá venres 05/04/24 finaliza o prazo para remitir suxestións ao proxecto de decreto polo que se crea e regula o **Sistema voluntario de créditos de carbono** da Xunta de Galicia.

[Click aquí para máis información](#)

## CONVOCATORIAS DE INTERESE



### >>> "CLIMA E NATURALEZA: RISCOS, OPORTUNIDADES E RETOS PARA O SECTOR PRIVADO"



Chega a segunda actividade do ciclo de conferencias "En Código Aberto" da Cátedra Inditex-UDC de Sostibilidade que dirixe a investigadora permanente de ECOBAS, **Marta Rey**.

O relator convidado, **Sebastian Troëng**, Ph.D., é doutor en ecoloxía animal pola Universidade de Lund en Suecia e ten un mestrado en protección do medio ambiente mariño pola Universidade de Gales. Na actualidade é Vicepresidente Executivo de Conservación Internacional, onde lidera un equipo de 100 persoas da División de Desenvolvemento, Asociacións Públicas Globais e Europa, o Fondo de Asociación para Ecosistemas Críticos, o Fondo para o Medio Ambiente Mundial de Conservación Internacional, as axencias do Fondo Verde para o Clima e o Programa de Becas.

- Formato: **presencial**
- Lugar: Paraninfo do Reitorado da UDC. A Coruña.
- Necesaria **inscrición previa** [aquí](#).

**XOVES**  
**18/04**  
**19:30 H**

### >>> TALLER DE PREPARACIÓN DE PROPOSTAS ERC 2024-2025

**MARTES**  
**23/04**  
**10.00 H**

A Axencia Galega de Innovación GAIN organiza este **taller presencial** familiarizar aos participantes coas convocatorias do European Research Council (ERC) previstas para o 2024-2025, integradas no Pilar I do Programa Horizonte Europa.

O taller será impartido por Stewe Bekk e Malte Beringer, científicos cunha dilatada experiencia na preparación e asesoramento de propostas do ERC. Tamén participará Olalla López, investigadora do CRETUS da Universidade de Santiago de Compostela, que conta cunha Consolidator Grant (2022).

- Data: martes 23 de abril de 2024
- Horario: de 10.00 a 18.00 h
- Idioma de impartición: inglés
- Lugar de celebración: sede FEUGA - Santiago de Compostela
- [Programa do taller de preparación de propostas ERC \(pdf\)](#)
- [Formulario de inscrición](#)
- Máis información: 981 337 115 / [oportunius.gain@xunta.gal](mailto:oportunius.gain@xunta.gal)



## OPEN CALLS



### “NAVIGATING MISINFORMATION AND TRUST EROSION IN THE DIGITAL AGE” | CONVOCATORIA POSDOUTORAL DO RESEARCH FUND DE AXA



O Fondo de Investigación de AXA vén de publicar unha convocatoria de axudas posdoutorais no eido da investigación en Socioeconomía. O financiamento é de 140.000 euros para un periodo de 24 meses, incluíndo os custos de contratación e os gastos de investigación do proxecto. As persoas candidatas non poderán ter máis de 5 anos de antigüidade como doutores. As datas relevantes da convocatoria AXA son:



- Prazo entrega preproposta: ata o 15 abril ás 16.00 h
- Prazo entrega proposta completa: dende o 22 abril ao 16 de maio ás 16.00 h
- Data estimada comezo dos proxectos: xaneiro – setembro 2025.

Dado que a convocatoria establece que **se admitirá unha única candidatura por entidade**, recomendamos consultar o **procedemento de preselección** nas vosas respectivas universidades.

### >>> DIGITAL MEDIA DATA IN ENVIRONMENT AND DEVELOPMENT ECONOMICS



A revista Environment and Development Economics mantén aberta a súa chamada para un número especial sobre datos en medios dixitais da economía ambiental e do desenvolvemento.

- Data límite: **30/04/24**
- Ligazón ás instrucións para o envío de traballos
- Publica: Cambridge University Press, en colaboración co Beijing Institute of Ecological Economics e a Royal Swedish Academy of Sciences

### 10th Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics

A Toxa, Galicia (Spain)  
20 and 21 June 2024

### 10TH ATLANTIC WORKSHOP ON ENERGY AND ENVIRONMENTAL ECONOMICS



Os días 20 e 21 de xuño de 2024 terá lugar na illa de A Toxa a décima edición do Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics que organiza Economics for energy coa colaboración de ECOBAS e o Grupo REDE.

- Call for papers. Data límite: **01/05/2024**.
- Web do evento

## MÁIS COMUNIDADE



### >>> PREMIOS Á TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA EN GALICIA



**RAGC/**  
REAL ACADEMIA  
GALEGA DE CIENCIAS

A Real Academia Galega de Ciencias, coa colaboración da Axencia Galega de Innovación (GAIN), convoca os Premios á Transferencia de Tecnoloxía en Galicia en dúas modalidades:



- **Premio Francisco Gutiérrez Ojea:** a un traballo de investigación aplicada, dotado con 5.000 €, para recoñecer a creación, a cargo de un grupo de investigación, dunha tecnoloxía aínda non transferida e da que se deriven claras aplicacións para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia.

- **Premio Fernando Calvet Prats:** a un caso de éxito de transferencia de tecnoloxía desde un grupo de investigación a unha empresa, dotado con 5.000 €. Prémiasse conxuntamente ao grupo de investigación creador da tecnoloxía transferida e á empresa destinataria. Será válido calquera mecanismo de transferencia desde o grupo á empresa (adquisición de patente, proxecto conxunto, spin-off, etc.)..

- **Prazo** presentación candidaturas: ata o **30 de abril de 2024**
- [Ligazón á información completa e as bases](#)

### >>> PREMIOS SOCIAIS FUNDACIÓN MAPFRE

Aberta a convocatoria dos Premios Sociais de Fundación Mapfre, de ámbito internacional e cunha dotación total de 160.000 euros (4 premios de 40.000 euros cada un), entre os que se inclúen:

- **Premio ao mellor proxecto ou iniciativa polo seu impacto social.**
- **Premio á mellor iniciativa no sector agropecuario,** que recoñece aquelas iniciativas que destaquen pola súa innovación, optimización dos recursos e sostibilidade a longo prazo.

**Fundación  
MAPFRE** SOCIAL  
OUTREACH  
AWARDS

- **Prazo** presentación candidaturas: ata o **31 de maio de 2024**

### ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



[www.ecobas.gal](http://www.ecobas.gal)

